

DURACIÓN

SETEMBRO 2020 - XULLO 2021

LUGAR

UVIGO, UDC, USC oU 100% ONLINE



TITULACIÓN PREVIAS RECOMENDADAS

ECONOMÍA, ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS, MATEMÁTICAS, ESTADÍSTICA, ENXEÑARÍAS



PRAZOS DE SOLICITUDE (Alumnos estranxeiros consultar os prazos)

- 1º PRAZO: XUÑO - XULLO 2020

- 2º PRAZO: AGOSTO - SETEMBRO 2020

MÁIS INFORMACIÓN:

www.mastereconomia.gal ■ info@mastereconomia.gal



ENTIDADES COLABORADORAS



Universidade de Vigo



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MÁSTER UNIVERSITARIO EN ECONOMÍA

CURSO 2020/21

- Políticas Públicas e Análise Económica Rexional
- Economía e Sociedade
- Economía e Finanzas
- Análise Económica

Co apoio da agrupación estratéxica **ECOBAS**

Máis información:
www.mastereconomia.gal

Ti tamén podes formar parte do sector económico do teu país

Os obxectivos deste título son:

- Formar profesionais en economía e empresa cunha elevada formación académica que lles permita incorporarse á vida profesional cunha alta capacitación para a toma de decisións estratéxicas.
- Preparar aos alumnos para afrontar con éxito posteriores estudos de doutoramento, no caso de que desexen optar por unha formación máis académica.

O programa do curso está deseñado para poder ser completado nun único curso académico a tempo completo. Durante o primeiro cuadrimestre cursaranse materias de carácter obrigatorio que capacitarán ao alumno cos coñecementos necesarios para seguir os cursos de especialización do segundo cuadrimestre, realizar as prácticas externas e preparar o Traballo de Fin de Máster (TFM).

Buscamos un perfil de estudante dinámico, interesado pola investigación, creativo, con capacidade para a abstracción e para os métodos cuantitativos.

Son potenciais alumnos, ademais dos procedentes da licenciatura ou grao en economía e en administración de empresas, os graduados ou licenciados en ciencias experimentais (particularmente os graduados en matemáticas e estatística) e nas distintas ramas da enxeñaría.

Outro perfil de alumno é o procedente doutros países de fala hispana, profesionais despregados en misións exteriores, e profesionais en activo que poden cursar o máster na súa modalidade 100% online e/ou a tempo parcial.

PLAN DE ESTUDOS

1º CUADRIMESTRE

Materias obrigatorias (30 ECTS)

- Análise de Decisións Económicas e Mercados (6 ECTS)
- Análise de Conxuntura Económica e Crecemento (6 ECTS)
- Técnicas Econométricas (6 ECTS)
- Métodos Cuantitativos (6 ECTS)
- Pensamento Económico e Institucións (3 ECTS)
- Técnicas de Investigación (3 ECTS)

2º CUADRIMESTRE (4 itinerarios)

Materias optativas (18 ECTS) + Prácticas externas (6 ECTS) + TFM (6 ECTS)

1. POLÍTICAS PÚBLICAS E ANÁLISE ECONÓMICA REXIONAL

- Economía do Sector Público
- Modelos de Xestión Pública
- Avaliación de Políticas Públicas
- Análise Económica Rexional
- Política Económica Rexional
- Xestión Integral de Proxectos Públicos

2. ECONOMÍA E SOCIEDADE

- Medio ambiente, Recursos Naturais e Sustentabilidade
- Economía da Desigualdade
- Economía da Saúde
- Innovación e Sociedade
- Servizos e Nova Economía
- Globalización Económica e Desenvolvemento Social

3. ECONOMÍA E FINANZAS

- Fundamentos de Valoración de Mercado
- Técnicas de Cuantificación do Risco de Mercado
- Análise Económica da Actividade Bancaria
- Economía Internacional e Finanzas
- Política Monetaria e Sistema Financeiro
- Econometría Financeira

4. ANÁLISE ECONÓMICA

- Econometría Avanzada
- Microeconomía Avanzada
- Macroeconomía Avanzada
- Comportamento Estratéxico
- Temas Avanzados en Teoría Económica
- Técnicas Avanzadas para a Análise de Datos